

LEXICOLOXÍA

Estructura e formación de palabras

Lexema ou radical (aporta o significado léxico)	Lexemas independentes: constitúen palabras por si sós(avión, pan, coche...)			
	Lexemas dependentes: precisan doutros monemas para formar unha palabra (nen-)			
Morfema (aporta o significado gramatical)	Morfemas independentes: constitúen palabras por si mesmos. Son os determinantes, as preposicións e as conxuncións)			
	Morfemas dependentes (únense a un lexema para completar e/ou modificar o seu significado)	Morfemas derivativos ou afixos (engádense ao lexemas para formar novas palabras). Poden ser:	Prefixos(van colocados diante do lexema: com -poñer). Crean palabras novas que pertencen á mesma categoría gramatical.A maioría proceden do latín e do grego.	
			Infixos (van entre o lexema e os sufixos: cafe- t -ería)	
			Sufixos (van despois do lexema)	Sufixos alterativos (non modifican a categoría gramatical). Poden ser: aumentativos, diminutivos e despectivos)
				Sufixos derivativos (crean palabras novas). Poden ser locativos, colectivos, de acción...
	Morfemas flexivos ou desinencias (expresan as categorías gramaticais de xénero e número en substantivos e adxectivos; e de tempo, modo, número e persoa nos verbos)			

. **Composición**: unión de dous ou máis lexemas que existen independentes na lingua. Hai distintos tipos de palabras compostas:

- fusión de dous elementos nunha soa palabra (fincapé, abrelatas, cabodano...)
- os elementos non están unidos (porco bravo, peixe sapo, chave inglesa...)
- os elementos únense por unha preposición (estrela de mar, cadeira de brazos...)
- os elementos están unidos por un guión (astur-leonés, físico-químico...)

. **Derivación** : engadir un prefixo ou un sufixo a un lexema (monolingüe, libreiro...)

. **Parasíntese**: hai dous tipos

- 1.- Adición simultánea de prefixo e de sufixo (neste caso non pode existir a palabra con ese sufixo ou prefixo). Ex: abotoar, entristecer, embarcar...)
- 2.- Derivada dunha composta (augardenteiro, encerado...)

Procedementos de formación de palabras

Derivación: sufixos

Sufijos alterativos:

. Modifican o significado do lexema base, sen chegar a crear palabras novas, polo que xeralmente non teñen entrada independente nos dicionarios.

. Polo seu significado poden ser:

. **diminutivos**: -iño/iña (rapaciño, mociña); -echo-a (pequecho/a) ; -ete/a (mocete/a)

. **despectivos**: -acho/a (ricacho); -astro/a (camastro); -exo/a (lugarexo); -ucho/a (casucha)

. **aumentativos**: -azo/a (cochazo); -ón/ona (patadón)

Sufijos derivativos:

▪ Modifican o significado do lexema base e crean palabras novas con entradas léxicas independentes no dicionario.

. Poden ademais, cambiar a categoría gramatical da palabra á que se engaden. Ex: xente (subs.)/xentil (adxetivo)

O sufixo -iño

Pode ter distintos valores:

- . **Diminutivo**: mesiña
- . **Intensificador** (fundamentalmente con adxectivos, indefinidos e adverbios): Hoxe non fixen nadiña
- . **Afectivo**: Sempre bota a súa sestiña
- . **Apelativo**: Sentidiño, rapaces
- . **Despectivo**: Que vas esperar desa xentiña?

As regras para o seu uso son:

- Se a palabra remata en **vogal átona**, pérdese e engádese o sufixo (home-homiño; río-riíño...)
- Se remata en **vogal tónica ou consoante distinta de -n**, engade o sufixo (avó-avoíño; sol-soliño; muller-mulleriña)
- Se remata en **ditongo decrecente ou -n**, introduce un -c- (nai-naiciña; can-canciño)
- Se remata en **-io, -ia**, a vogal i do ditongo e o do sufixo fúndense nunha soa (saia-saíña)
- As palabras que en feminino rematan en **-á** forman o diminutivo a partir do masculino (irmá-irmanciña)

Clasificación dos sufixos polo seu significado

	Significado	Principais sufixos	Exemplos
Colectivos	Conxunto, abundancia, acumulación ou multitude	-al, -eiro/a, -ario/a, -axe, -edo/a, -ada, -ame, -menta	piñeiral, cancionero, herbario, follaxe, dentame, osamenta...
Locativos	Lugar ou espazo, recipiente	-ario, -aría, -ado, -dor, -doiro, -ia	armario, panadaría, internado, recibidor...
Temporais	Tempo, época propicia ou característico dunha época	-eiro/a, -ado/a, -ato	reinado, noivado, bacharelato...
Caracterizadores	Calidade ou característica	-udo/a, -ento/a, -dizo/a, -oso/a, -ado/a, -ante, -á/ana, á	cabezudo, cheirento, namoradizo, cobizoso...
Profesionais	Cargo, profesión, título, organismo...	eiro/a, -dor, -ista, -ante, -eiro/a, -ario/a	bombeiro, inventor, ebanista, cantante, bibliotecario...
De acción	Acción ou efecto, persoa que a realiza	-mento/a -ado/a, -eiro/a, -nte	cornada, sufrimento, malleira, cantante...
Xentilicios	Lugar ou procedencia	-án/á, -ao/a, -ano/a, -ense, -és/esa, eiro/a, -ino/a, -ego/a	ourensán, limiao, tudense...
Abstractos	Substantivos abstractos	-ancia, -encia, -ción, -mento, -ez, -ura	abundancia, timidez, brancura...

PRINCIPAIS PREFIXOS GALEGOS E O SEU SIGNIFICADO

A-/AN- (ausencia, privación)	CARDIO- (corazón)	FOTO- (luz)	PARA- (xunto a , á marxe de)
AB- (separación)	CEFALO- (cabeza)	HEMI- (medio, metade)	PERI- (ao redor de)
AD- (dirección, proximidade, contacto)	CO/COM/CO- (simultaneidade, unión, cooperación)	-HEMO- (sangue)	PRE- (con anterioridade)
AEREO- (aire)	DERMA- (pel)	HIPER- (superioridade, exceso)	PRO- (antes, diante)
ANTI- (oposto)	DIS- (dificultade, anomalía, negación)	HIPO- (debaixo de, escaseza)	SEMI- (medio, case)
ANTROPO- (home)	ENDO- (dentro, no interior)	HOMO- (igual)	SUB- (baixo, debaixo de)
ARTRO- (articulación)	EPI- (sobre)	INTER- (entre, en medio)	TELE- (distancia)
AUTO- (por un mesmo, propio)	EU- (ben)	ISO- (igual)	TRANS- (a través de)
BI- (dous, dúas veces)	FONO- (voz, son)	MICRO- (pequeno)	XENO- (alleo, estranxeiro)